

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Acto do Día Internacional das Mulleres na provincia de Bamiyán (Afganistán (2021)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



## CONTIDO

---

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	3
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	5
CONVOCATORIAS .....	5
SUXESTIÓNS .....	6
RECURSOS.....	9
NOVAS DO DUVI.....	14
NOVAS.....	14
CURSOS DE VERÁN.....	15
ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE .....	16
DATOS.....	20
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	21

# SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
35	26	27	28	29	30	31	1
36	2	3	4	5 Día Internacional das Mulleres Indíxenas	6	7	8
37	9	10	11	12	13	14	15
38	16	17	18	19	20	21	22
39	23* / 30	24	25	26	27	28 Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro	29

## AXENDA



**30 de setembro e 01 de outubro.** En horario de tarde, no edificio Redeiras. [+Info](#)

O obxectivo desta xornada internacional deseñada e impulsada desde os servizos de igualdade da Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través dos

fondos do Plan corresponsables, son as masculinidades coidadoras (*caring masculinities*), que poñen en valor o traballo dos coidados e tratan de crear as posibilidades para fomentar que os homes se impliquen activamente neles.

Hai prazas limitadas para asistir presencialmente que se asignarán por orde de inscrición.

**4 de outubro.** VI Xornada. Olladas á antigüidade. A pobreza e a muller na antigüidade. Salón de graos do edificio do Ferro do Campus de Ourense. Actividade dirixida ao estudantado pero aberta a público xeral. Inscricións: [isouto@uvigo.gal](mailto:isouto@uvigo.gal)

## FORMACIÓN

### Itinerario formativo Virtual en Xénero

11ª edición deste [programa formativo](#) en formato virtual para a comunidade universitaria no que se ofrecen 24 cursos de ámbitos diversos. O prazo de inscrición, que se realizará a través da plataforma Bubela, estará aberto do 9 ao 15 de setembro.



**Programa formativo** composto por dúas accións independentes:

- **E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?**  
Datas: 17/09, 08/10 e 05/11.
- **A universidade, espazo libre de violencias machistas?**  
Datas: 30/09, 21/10 e 18/11.

Dirixido a toda a comunidade universitaria da UVigo: PDI, PTXAS e estudantado. Modalidade virtual síncrona a través do Campus Remoto. Inscrición habilitada progresivamente a través de Bubela, ata completar as 20 prazas dispoñibles para cada sesión.

O horario da formación é de 16:00 h a 19:00 h.

**A intervención profesional fronte aos matrimonio forzados** [+Inscricións](#)

2ª edición, en formato virtual cunha duración de 30 h

**Diploma de especialización Xénero e Dereitos humanos** [+Info](#)

Formación en liña da Universitat Autònoma de Barcelona. Inscricións de maio a setembro, por orde de abono da matrícula ata que se cubran as prazas).

**A educación das mulleres en España (da Hispania romana á Ilustración** [+Info](#)

2ª edición deste MOOC da UNED, dispoñible ata o 15 de setembro.

**A violencia machista nas redes sociais (ES) [+Info](#)**

**Coeducación e masculinidad(es) igualitarias: enfoques e retos para construír igualdade [+Info](#)**

Xornadas organizadas pola Unidad de Igualdad da Universidad de Extremadura do 23 ao 25 de setembro.

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

**Xornada As mulleres deciden en Europa. Mulleres e gobernanza europea [+Info](#)**  
O 20 de setembro de 2024.

**5ª Encontro Sociedade da Familia e Economía de Xénero (BR e EN) [+Info](#)**  
Do 26 ao 28 de setembro.

**6ª edición do Congreso Internacional de Educación Intercultural e de Xénero. Construíndo espazos de paz: educación para a nonviolencia [+Info](#)**  
8, 9 e 10 de outubro

**GENDERCOM. X Congreso Internacional de Comunicación e Xénero [+Info](#)**  
Presencial o 30 e 31 de outubro e en liña o 28 e 29 de outubro.

**V Congreso Internacional do ICCA. Grupo de traballo GT. 4: Administracións públicas en clave de xénero. Os días 20,21 e 22 de novembro de 2024. (ES) [+Info](#)**

**I Congreso Internacional Corporalidades Sociais, Subjetividades y Disidencias. Simposio Cuerpo, Género y Sexualidad. Disponible para ver en liña. [+Info](#)**

## CONVOCATORIAS

---

**Revista *Asparkía*. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares. Ata o 1 de setembro. (ES) [+Info](#)**

**Congreso Internacional de Educación Intercultural e de Xénero. Construíndo espazos de paz: educación para a nonviolencia. Envío de resumos ata o 15 de setembro. [+Info](#)**

***Gender On Digital. Como «hackear» o patriarcado dixital desde o feminismo?* [+Info](#)**  
Aberta a proposta de artigos ata o 20 de setembro en galego, español e inglés.

**O laboratorio para os dereitos das mulleres en liña (EN) [+Info](#)**  
Convocatoria aberta ata o 23 de setembro para proxectos de organizacións que traballan sobre a violencia de xénero en liña facilitadas pola tecnoloxía.

**Convocatoria de artigos: Feminismo/s no. 46: Masculinidades no mundo global: una visión da educación. Recíbense artigos en inglés ata o 30 de setembro. (EN) [+Info](#)**

**Concurso de relatos curtos Contos\_EME\_2024. Ata o 30 de outubro. [+Info](#)**

**Premio de investigación María Isidra de Guzmán.** Ata o 31 de outubro. (ES) [+Info](#)

**Gender and Justice** [+Info](#) O primeiro número, que sairá na primavera do 2025, ten aberto o prazo de presentación de artigos.

**III edición dos premios Celia Amorós de ensaio feminista** [+Info](#)

Convocados polo Instituto das Mulleres para fomentar e premiar a investigación relacionada cos estudos feministas desde calquera ámbito e en calquera das linguas oficiais. Pódense presentar traballos individuais ou colectivos ata o 15 de decembro.

**ex æquo** – **Revista da Associação Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres.** (PT) [+Info](#)

Convocatoria de artigos en castelán, portugués, francés ou inglés.

## SUXESTIÓNS

Segundo o informe [La Mujer, la Empresa y el Derecho 2024](#) do Banco Mundial que analiza o avance cara a igualdade de xénero ante a lei en 190 países, as mulleres teñen arredor do 75 % dos dereitos dos homes e na actualidade. Segundo estes datos mesmo hai máis de 37 países que recoñecen ás mulleres menos da metade dos dereitos, o que afecta aproximadamente a 500 millóns de mulleres. De feito, na actualidade, **non hai ningún lugar no mundo onde as mulleres teñan os mesmos dereitos que os homes** nos indicadores que utiliza este estudo (seguridade, mobilidade, traballo, remuneración, matrimonio, parentalidade, coidado infantil, empresariado, activos e xubilación).

Este traballo evidencia que cando se analiza o desenvolvemento das leis aparece unha fenda significativa entre a lexislación e a súa implementación e cumprimento, onde tamén interfiren as normas sociais, culturais e relixiosas. Como [está sucedendo co dereito á interrupción voluntaria do embarazo no Estado español](#), onde a maioría de comunidades seguen incumprindo co rexistro de persoal sanitario obxector de conciencia e se mantén o hostigamento ás mulleres nas clínicas onde se practica.

Unha vez máis, constátase que nos contextos onde existe maior igualdade formal, como sucede nas comunidades universitarias, hai unha percepción de que as mulleres dispoñen de maior igualdade real, o que provoca un “**spellismo**” que dificulta ver as fendas e desigualdades que continúan a producirse. Evangelia García Prince señala que algúns dos factores que distorsionan a mirada son a crecente visibilidade das mulleres, a mención das mulleres e os seus problemas nalgúns discursos políticos, a herdanza das ideoloxías liberais sobre a igualdade, o tratamento neutral do xénero en certas políticas e o empuxe do movemento internacional das mulleres.

Máis non só se trata de trabas informais ou inconscientes. Este mes, varios medios de comunicación publicaban [información](#) sobre o Proxecto 2025, un documento elaborado pola Fundación ultraconservadora Heritage para marcar a folla de ruta do goberno de Donald Trump, no caso de que gane as eleccións presidenciais de novembro. Entre os seus obxectivos destaca o reforzo da familia heteropatriarcal dificultando o dereito ao aborto -que xa sufríu un duro revés nos EE. UU. o 24 de xuño de 2022 cando a sentenza do Tribunal Supremo revocou o precedente que supoña o fallo do caso Roe contra Wade (1973) e que agora supón

restricións, máis ou menos severas, a este dereito en 28 dos 50 estados-, ademais de derrogar leis que recoñecen dereitos ao colectivo LGTBIQ+.

Algo parecido ao que tamén se ten denunciado en Europa en 2018, cando o [Foro Parlamentario Europeo de Poboación e Desenvolvemento](#) advertiu dun documento similar titulado [An Agenda For Europe: Restoring The Natural Order](#). Esta axenda detallaba a unha estratexia de restricción de dereitos acordada por unha rede de máis de cen organizacións de trinta países europeos. Entre as súas propostas está a a restricción de dereitos sexuais e reprodutivos para conseguir volver á «orde natural».



Esta pugna continuada polos dereitos, que afecta de forma diferencial as mulleres e a outros colectivos minoritarios ou minorizados, evidencia que é importante tomar consciencia da desigualdade social creada pola orde de xénero e organizarse para reivindicar e reclamar os dereitos. Entre os exemplos máis recentes, queremos lembrar como o 24 de xuño do 2018, tras moitas accións de protesta como a campaña [Women to Drive](#) iniciada por [Manal al Sharif](#), as saudís conseguiron que no seu país se levantara a norma que prohibía conducir ás mulleres.

Queremos destacar pola súa gravidade a situación que están vivindo as mulleres afgás desde que o 15 de agosto de 2021 os talibáns tomaron o poder de novo. Desde ese momento, fai tres anos, as mulleres do país viron como se reducía drasticamente o seu espazo de dereitos e a súa presenza e participación na vida pública. Segundo as últimas novas recibidas do país esta situación inclúe o seu [silenciamento](#) ao impedir-lles cantar e falar en público. Unhas restricións que se suman á prohibido de acceder a escolas e universidades, traballar, desprazarse de forma autónoma ou vestir como queren, entre outras perdas de dereitos.

Por iso queremos dedicar este apartado a todas as afgás que dentro e fóra do seu país se están organizando e promovendo accións de protesta para recuperar os seus dereitos como puidemos ver na última edición dos Xogos Olímpicos de París, onde dúas das deportistas afgás, Kimia Yousofi e Manizha Talash, aproveitaron a visibilidade deste evento para poñer o foco na situación das mulleres.



Á esquerda, fotografía da velocista afgá Kimia Yousofi reivindicando o dereito á educación para as mulleres. Á dereita, imaxes do acto de protesta da bailarina de *break* Manizha Talash, do equipo de persoas refuxiadas, polo que foi desqualificada nos mesmos Xogos de París



A impulsora da campaña en redes contra o código de vestimenta #DoNotTouchMyClothes que levaron a cabo afgás que viven no estranxeiro e mulleres protestando polos seus dereitos en Kabul en setembro de 2021 e en Mazar-i-Sharif en xuño de 2023

Tras a violenta represión das protestas na rúa nos primeiros meses tras a chegada do novo réxime, as mulleres idearon unha nova estratexia para [protestar dentro das casas](#) e gravarse para difundilo e que poidan ser vistas e escoitadas e se coñezan as súas reivindicacións e a súa resistencia.



A xornalista e defensora dos dereitos humanos [Jahanzeb Wesa](#), un [grupo de mulleres afgás](#) recita poesía como protesta contra a lei que prohibe a súa voz a través da campaña "My voice is not private", a investigadora e activista [Sarah Fetrat](#) e a xornalista Shamail Tawana, fundadora de [Farkhunda News](#)



A fotógrafa e refuxiada Fatimah Hosseini e un dos seus retratos de mulleres do seu país, no que fotografía a unha artista antes da chegada dos talibáns, a compositora, música e cantante [Elaha Soroor](#) e a Selección Femenil de Afganistán exiliada en Melbourne (Australia)

Para coñecer e apoiar ás mulleres afgás recomendamos seguir as campañas que lanzan en redes, habitualmente en inglés para que cheguen a máis xente, e os perfís das xornalistas e activistas exiliadas que comparten información rigorosa e actualizada da situación.



## RECURSOS

---

Os negros de xénero poden estar funcionando a nivel de disciplinas enteiras (EN) [doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6](https://doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6)

Explorando colaboracións solidarias no ámbito académico a través de diálogos feministas reflexivos (EN) [doi.org/10.1111/gwao.13115](https://doi.org/10.1111/gwao.13115)

Desigualdade en 1 700 películas populares: Examinando as representacións de xénero, raza/etnia, LGBTQ+ e discapacidade de 2007 a 2023 (EN) [+Info](#)

Mulleres novas e trastornos da conduta alimentaria. Impacto dos roles e estereotipos de xénero (ES) [+Info](#)

O acoso sexual, sexista e LGTBIQfóbico na Universidad Complutense de Madrid. Unha análise a partir de experiencias situadas de violencia (ES) DOI:10.13140/RG.2.2.10429.68321 [+Info](#)

Educación sexual integral para a prevención da violencia de xénero (EN) [+Info](#)

In Mujeres. Monografías feministas núm. 3. Comunicación [+Info](#)

Onde están as mulleres nos videoxogos? (ES) [+Info](#)

Vídeo realizado polas especialistas Virginia Calvo, Ana Oliveras, Anna Tonda e Linda Rytman.

Género, *gamers* y videojuegos. Una aproximación desde el enfoque de género, al consumo de videojuegos y la situación de las jugadoras en el sector [+Info](#)

Cuestiones de Género: de la igualdad y la diferencia. Núm. 19 (2024): Feminismo, coeducación y socialización en la posmodernidad [+Info](#)

Que é a violencia sexual? Dossier novembro 2023. Geo Violencia Sexual. (ES) [+Info](#)

Women 4 Ethical AI. (EN) [+Info](#)

Selección de cómics e tebeos da xornalista crítica e investigadora especializada en cultura popular e feminismo, Elisa McCausland. (ES) [+Info](#)

- *Superbollo contra la Liga Exterminadora de Feminazis Antisistema*, Irene Sala i Brotons e Marian Torres (Continta me tienes). [+Info](#)
- *La tierra yerma*, Carla Berrocal (Reservoir Books). [+Info](#)
- *La lesbiana del zodiaco*, Victoria Rubio. [+Info](#)
- *Barbarie, zine de terror LGBTQ+*, VVAA (Bronco Comics). [+Info](#)
- *Death In The Mouth: An Anthology of Original Horror from the Margins*, Sloane Leong e Cassie Hart (Eds.). [+Info](#)
- Publicacións de Erika Price. [+Info](#)
- *PeePee-PooPoo*, Caroline Cash. [+Info](#)
- *Vulva Viking*, Elizabetj Pitch (Les Requins Marteaux). [+Info](#)

- Escavando a diferenza sexual na linguaxe e no pensamento. (ES) [+Info](#)
- Prevención de ciberviolencias machistas: Guía para familias. (ES) [+Info](#)
- Apoio, información e recursos fronte á violencia sexual. (ES) [+Info](#)
- Informe anual CIMA 2023. A representación das mulleres no sector cinematográfico da longametraxe española. (ES) [+Info](#)
- Necesita mellorar. Mapa de atención á anticoncepción en España. (ES) [+Info](#)
- Guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo. (GAL) [+Info](#)
- Esta guía informativa recompila os dereitos e as posibilidades das que dispón o persoal da Universidade de Vigo para conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. A guía ten un carácter orientativo e deberá consultarse cos servizos que corresponde en cada situación, segundo as circunstancias e a lexislación que aplique.
- Unha revolución de inclusión astronómica. Avances en diversidade, equidade e inclusión na Astronomía e a Astrofísica profesionais.* (EN) [+Info](#)
- Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTifóbicas nos espazos de ocio nocturno. (ES) [+Info](#)
- Informe sobre prostitución en España enviado ás Nacións Unidas. (ES) [+Info](#)
- As leis estatais anti-DEI (diversidade, equidade e inclusión) sementan incertidume nas escolas e universidades públicas. (EN) [+Info](#)
- Informe sobre prostitución en España. (ES) [+Info](#)
- Revisitando aliados masculinos en Matemáticas e Física ao longo da historia: referentes para os homes na educación STEM. (EN) [+Info](#)
- Recoñecer, actuar e restaurar: Manual básico para afrontar as violencias machistas. (GAL) [+Info](#)
- Investigación: cando as persoas empregadas se identifican coa súa empresa é menos probables que detecten a discriminación de xénero. (EN) [+Info](#)
- Presupostos con enfoque de xénero. Unha folla de ruta para a súa implementación desde as experiencias de América Latina. (ES) [+Info](#)
- Culpables ata que se demostre o contrario* Percepcións e recursos de adolescentes españois sobre masculinidades e violencia de xénero. (ES) [+Info](#)
- Tara for women. Arte e cultura. Apoio a mulleres artistas. (ES) [+Info](#)
- Nobel run stories.* Libreto de científicas. (ES) [+Info](#)

***O mapa do deserto*** A atención sanitaria á Saúde Mental Perinatal en España. (ES) [+Info](#)

Revista *IgUALdad* núm. 24. (ES) [+Info](#)

Pílulas de vídeo #Mujeresencifras. (ES) [+Info](#)

Xénero e feminismo na Green European Foundation. (EN) [+Info](#)

Audiolibros para comezar a entender o feminismo. (ES) [+Info](#)

As que contan a ciencia: Nós e os nosos corpos (ES) [+Info](#)

Novo estudo: Impacto da pornografía na violencia sexual. (ES) [+Info](#)

***Desconecta de tu exparja***. Guía para previr ou mitigar posibles Violencias Machistas Dixitais. (ES) [+Info](#)

Recollida de sinaturas polo dereito ao aborto. (EN) [+Info](#)

Podes petar nas portas e ventás da universidade, pero a ninguén lle vai importar: como as universidades o silencio en rede ao redor da violencia con motivo de xénero. (EN) [+Info](#)

Podcast *Feminist Futures* de CCINDLE. (EN) [+Info](#)

Os dereitos das temporeiras de Huelva centran a nova campaña do Instituto das Mulleres. (ES) [+Info](#)

Inclúe a actualización da *Guía de Recursos para la atención y asesoramiento a las trabajadoras migrantes en el contexto de la fresa y otros frutos rojos de Huelva* e outros materiais como infografías e vídeos.

Plataforma por un emprego de fogar e coidados con plenos dereitos de Madrid. (ES) [+Info](#)

Novidades en materia de igualdade laboral. (ES) [+Info](#)

As IA xeradoras de imaxes adoitan ter resultados racistas e sexistas: pódense arranxar? (ES) [+Info](#)

Desafiando prexuízos sistémicos: unha investigación sobre o nesgo contra as mulleres e nenas en grandes modelos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Protocolo común de actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e a adolescencia (2023) (ES) [+Info](#)

Muller e universidade: Que factores inflúen na elección dos seus estudos? (ES) [+Info](#)

# LEI ORGÁNICA 2/2024, DO 1 DE AGOSTO, DE REPRESENTACIÓN PARITARIA E PRESENZA EQUILIBRADA DE MUJLLERES E HOMBRES

Este texto continúa a liña de traballo da LO 3/2007 e traspón a Directiva (UE) 2022/2381 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de novembro de 2022.

O seu obxectivo é garantir o equilibrio e a representación efectiva das mulleres e dos homes na vida económica e política.

## PRESENZA EQUILIBRADA E REPRESENTACIÓN PARITARIA

No texto defínese como **a situación na que nin mulleres nin homes superen o 60 % nin sexan menos do 40 %**.

Permítese, de acordo co principio de acción positiva, que exista unha representación de mulleres superior ao 60 % sempre que se poida xustificar.



## PRAZOS E OBRIGAS

A lei establece prazos para que a dirección de **grandes empresas cotizadas e entidades de interese público** con máis de 250 persoas traballadoras e un volume anual de negocio de 50 millóns cumpran coa representación paritaria.

O **consello de administración das sociedades anónimas cotizadas** deberá publicar anualmente na súa web a información sobre o sexo menos representado. Non facelo tipifícase como unha infracción grave.

Tamén se inclúe aos **consellos de goberno dos colexios profesionais**.


Esta obriga esténdese ao **Consello de Ministros** e a **órganos constitucionais e de relevancia constitucional**, como o Tribunal Constitucional, o Tribunal de Contas, o Consello de Estado, o Consello Fiscal e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Os tribunais para outorgar premios da AXE e en entidades do sector público institucional estatal tamén deberán cumprir coa paridade.

## LEI ORGÁNICA 2/2024, DO 1 DE AGOSTO, DE REPRESENTACIÓN PARITARIA E PRESENZA EQUILIBRADA DE MUJLLERES E HOMBRES

### CANDIDATURAS ELECTORAIS

Establécense as **listas cremalleira** nas candidaturas electorais.  
Contempla como excepción os municipios de menos de 3 000 habitantes e os concellos de ata 5 000, que só terán que cumprir coa representación equilibrada.



### AXENTE DE IGUALDADE

A lei regula esta figura establecendo as condicións para poder exercer:

- Estar en posesión dun título de grao, posgrao ou equivalente en estudos de xénero, estudos feministas ou políticas públicas de igualdade.
- Ou contar con ampla experiencia no deseño, desenvolvemento e implementación de políticas de igualdade.

Os plans de estudos para obter o título seguirán as directrices que marca o Real Decreto 822/2021.



En seis meses, o Goberno, a proposta do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, aprobará a proposta para establecer o carácter oficial de título de axente de igualdade, co seu desenvolvemento regulamentario, e precisará por orde ministerial cales van ser os requisitos para a verificación dos títulos e a acreditación da experiencia.

### DESPIDO NULO

Outras das novidades é a eliminación de dúas causas de nulidade automática do despido de persoas traballadoras que solicitasen:

- A adaptación da xornada por conciliación
- O permiso de 5 días por enfermidade, hospitalización ou intervención cirúrxica de familiar.



É previsible que haxa cambios neste punto xa que o Ministerio de Igualdade recoñeceu que podería tratarse dun erro técnico e que o van a corrixir o antes posible.

---

## NOVAS DO DUVI

---

Desde o anterior número do Boletín de igualdade, coincidindo en gran parte co peche da Universidade de Vigo, non houbo publicacións relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes.

## NOVAS

---

Feministas de Corea do Sur organizanse para denunciar deepfakes sexuais masivos en escolas (ES) [+Info](#)

Gordofobia, unha cuestión de xénero (ES) [+Info](#)

Hai unha única forma de habitar a masculinidade? A historia de homes que suman as súas voces ao movemento feminista (ES) [+Info](#)

Por que as mulleres tardan 14 anos máis que os homes en conseguir unha cátedra? (GA) [+Info](#)

Os paramilitares de Sudán sementan o terror coa violencia sexual contra as mulleres (ES) [+Info](#)

Repunta a violencia machista en verán: 15 mulleres e tres menores asasinados (ES) [+Info](#)

O 61 % das vítimas de violencia machista do 2024 foron asasinadas nos meses de verán (ES) [+Info](#)

Case 9 de cada 10 coidadoras non profesionais de persoas dependentes son mulleres (GA) [+Info](#)

Só cinco autonomías teñen o rexistro de médicos obxectores de conciencia do aborto que esixe a lei (ES) [+Info](#)

Nai, esposa e antifeminista: o papel das *trad wives* nas ambicións ultradereitistas (ES) [+Info](#)

O cine más taquilleiro de EEUU. segue ignorando ás mulleres (ES) [+Info](#)

A paralímpica Carmen Giménez denuncia ao seu adestrador por violencia machista e agresión sexual (ES) [+Info](#)

Emilia Díaz: Unha icona na loita por despenalizar o adulterio (GA) [+Info](#)

Igualdad promete corrixir un «erro» na lei de paridade que deixa despedir a quen se acolle ao permiso para coidar a familiares (ES) [+Info](#)

Persoal do Servizo de Axuda ao Fogar de Camariñas exige «salarios xustos» (GA) [+Info](#)

Escándalo nos Xogos: expulsado por denuncias de abuso sexual o adestrador de varios velocistas de elite (ES) [+Info](#)

Pais traballadores e familias monoparentales que reduzan xornada por conciliación poderán recibir entre 1 700 e 3 700 euros (ES) [+Info](#)

*Game On*: as mozas están cambiando as regras no mundo dos videoxogos (ES) [+Info](#)

«Matronas»: as máis precarias nun sistema precario (ES) [+Info](#)

Maternidade e deporte: unha loita pola conciliación (ES) [+Info](#)

O sono olímpico das nenas (ES) [+Info](#)

O Milan lanza varias iniciativas para apoiar ás súas xogadoras embarazadas (ES) [+Info](#)

Os deportes onde as mulleres superan aos homes (EN) [+Info](#)

A fenda de xénero no liderado deportivo: avances no campo e desigualdade nos despachos (ES) [+Info](#)

Máis da metade das empresarias e directivas galegas sofren estrés laboral (GA) [+Info](#)

Tejiendo identidades desde los márgenes. Las mujeres en las letras gallegas actuales [+Info](#)

La cuarta parte de las adolescentes del mundo han sufrido violencia de género (ES) [+Info](#) Un estudo de *The Lancet* sitúa a España no grupo de prevalencia máis baixa, cun 12 % de mozas afectadas

## CURSOS DE VERÁN

---

### UNED. Cursos de verán. [+Info](#)

- Desafíos feministas: reflexiones en torno al deseo, el consentimiento y la violencia. Sede de Madrid. En liña ou presencial. Do 18 ao 20 de setembro.

### Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

- La mujer en los puertos de hoy. Retos y oportunidades. 3 de setembro. [+Info](#)

### Universidad Miguel Hernández [+Info](#)

- La igualdad entre mujeres y hombres y el lenguaje inclusivo En liña. Do 3 ao 27 de setembro.

---

## ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

---

Con motivo da apertura dos prazos de matrícula para o próximo curso incluímos un apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero das universidades españolas. Agardamos que sexa unha información de interese.

### ANDALUCÍA

#### Mestrados:

- **Máster en Ciencias de la Sexología.** Universidad de Almería. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. [+Info](#)
- **Máster Interuniversitario en Estudios de Género, Identidad y Ciudadanía.** Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. (Prazo pechado) [+Info](#)
- **Máster Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero.** Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Igualdad y Género.** Universidad de Málaga. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional.** Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

### ARAGÓN

#### Mestrados:

- **Mestrado Universitario en RelaciónS de Género.** Universidad de Zaragoza. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano [+Info](#)

#### Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Relaciones de Género y Estudios Feministas.** Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas [+Info](#)

### PRINCIPADO DE ASTURIAS

#### Mestrados:

- **Máster Universitario en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)



---

- **Máster Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

**Programas de doutoramento:**

- **Programa de Doctorado en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## ILLES BALEARS

**Mestrados:**

- **Máster Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

**Programas de doutoramento:**

- **Programa de Doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos [+Info](#)

## ISLAS CANARIAS

**Mestrados:**

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

## CASTILLA Y LEÓN

**Mestrados:**

- **Máster Universitario en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad.** Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

**Programas de doutoramento:**

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## CATALUÑA

### Estudios de grao:

- **Grado en Estudios Socioculturales de Género. Universitat Autònoma de Barcelona.** Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

### Mestrados:

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía.** Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña e presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster en Violencia Sexual.** Universidad Ramón Llull. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: virtual. [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas.** Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## COMUNITAT VALENCIANA

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Derecho y Violencia de Género.** Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Género y Políticas de Igualdad.** Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e en liña [+Info](#)

### Títulos propios:

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad.** Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

- **Diploma de Especialización en Agente de Igualdad.** Universitat Jaume I. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña. [+Info](#)

## GALICIA

### Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.** Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

## COMUNIDADE DE MADRID

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios LGBTIQ+.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado en Estudios Feministas y de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## REXIÓN DE MURCIA

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Salud, Mujer y Cuidados.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género.** Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

---

## PAÍS VASCO

### Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres.** Universidad de Deusto. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudios Feministas y de Género.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta [+Info](#)

### Títulos propios:

- **Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña [+Info](#)

---

## DATOS

**Informe Global de Fenda de Xénero 2023** [+Info](#)

**Observatorio de Igualdade da UVigo 2023** [+Info](#)

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2023** [+Info](#)

**Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero** [+Info](#)

**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** [+Info](#)

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN)** [+Info](#)

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** [+Info](#)

**Institucións sociais e índice de xénero (EN)** [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** [+Info](#)

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES)** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais** [+Info](#)

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** [Ano 2024](#)

**Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Inf](#)

